

Hai cen anos Castelao abría os ollos a esta terra e escollía o día, a luz, a dor con que tiña de falar.

Con Bóveda e tantos de luz déronnos mil nomes e foron o seixo e a violeta e o xasmín.

Hai cincuenta anos falavan-nos coa propia dor aos que amantes da liberdade eran, somos, a única reserva para reconstruír o fogar desfeito. Era mil novecentos e trinta e seis cando Bóveda, Castelao e tantos erguían bandeiras colectivas innumerábeis.

As súas mans colectivas e innumerábeis tamén viñan das raíces máis profundas do noso ser.

Sobre eles sobre nos dispararon a morte máis eterna, e canta morte para tanta vida a chegar.

Sobre eles sobre nos foi a sombra máis vacía onde habitou a súa palabra incandescente onde, acochadiña, vivía a patria comunal.

A súa palabra xerminal medrou coma flor máis clandestina e foron mártires da liberdade, que son o noso pasado, que son o noso futuro, enxendrando, realizándose no noso presente.

O seu exemplo, froito do pensamento mais solidario cos desposuídos desta terra, cando a noite máis negra e máis feroz segou nosas as flores máis brancas e máis azuis e esta terra perdeu a transparencia e as cores o foron de silencio.

Os que coma Castelao sobreviviron faláronnos desde a outra banda do mar e povoaron as nosas árbores de palabras e de estrelas. Os que na nosa nación ficaron, nos currunchos máis íntimos da nosa nación, soñaban a liberdade perdida

Hoxe cincuenta anos dispois celebramos as aves que anuncian o futuro nesta cidade da que collemos palabras plateadas, onde como unha man aberta voan as nubes.

Amamos cada pedra, cada carreiro, cada man que entón acolleu as nosas flores ensanguentadas e celebrámonos por habitar esta terra e ser fillos deste povo que non escoitou oredes de agonía e desesperanza, deste povo que alimenta en nós a palabra que multiplica infinito o futuro, deste povo de ollos abertos a madrugada da que somos fillo.

E antes de facer presentación dos nosos convidados quixera facer dous agradecementos: a Francisco Carballo, o meu antecesor nas responsabilidades do consello, por tanto esforzo entregado a este semanario. E o noso agradecimento ás xentes desta cidade, que desde hai cinco anos acollen o semanario na súa criación do xeito máis solidario, xa que, aínda que sexamos uns poucos os que o concretamos, este semanario existe porque é un proxecto colectivo.